

Onstopus

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>

Xornal: anárquico-independente de Ons / **Saída:** cando lle peta / **Prezo:** cunca albariño caseiro / **Coordina:** Tinóns

Nº109/ Ano: 2025 / 1º xornal Mes de xullo/ Estado de altas temperaturas

Para comunicar con Onstopus: tinopardellas1957@gmail.com / celestinopardellas@gmail.com



Roberto Vilar quere levar a Cesáreo ao seu programa. Conseguiralo? Páx. 1

Seguiron os fallos no subministro de luz ao finais de xuño. Acabaranse con novo xerador? Páx. 2



Unha lancha de recreo naufraga a carón do peirao de Ons. Páx. 2

Reunión anual de verán da Panda do Gaivota de Arra. Páx. 3



Interesantes actividades organizadas polo Parque Nacional. Páx. 3



Máis sombra nas zonas de descanso da illa de Ons. Páx. 5



Necesaria actualización da Ruta do Castelo da Rueda. Páx. 4



Primeira Comuñón de Daniela. Páx. 6



Camiño do Faro, máis de 15 anos sen arranxar. Páx. 5



Miscelánea de imaxes de xullo 2025. Páx. 6

Breves:

- Radar de Ons. Páx. 6
- Degustación: Tapa e pota en Ons. Páx. 4
- Faro de Ons. Museo xa!!! Páx. 8

Finais de xuño. Como me vén pasando nos últimos Onstopus, mesmo cando xa teño rematado un número e está preparado para a súa saída, xorden un grupo de novas que teñen que quedar para o próximo. Estas son as que nos quedaron atrás de finais de xuño.

CORRECCIÓN DE ERROS

Tanto na portada como na pág. 2 do anterior Onstopus nº 108 onde falaba da Ons Etnográfica e contaba o relatado por **D. Joaquín Aguín (Quin)** do grupo “Portonovo Canta”, comentei que pertencía á familia de Portonovo coñecida como os <Serín>. Escribín este alcume tal como o oín.

Despois da saída de Onstopus, aclaráronme que o nome era “**Xirín**”. De aí que corrijo o erro cometido.

Sobre esta coñecida familia de Portonovo, concretamente sobre outro irmán de Quin, **Fernando**, escribiu un artigo no nº 30 de AUNIOS, o secretario de Pineiróns: José Taboada García. “O Buscavidas”. Páxs. 53 e 54.



Na foto os irmáns: Quin círculo vermello e Fernando círculo azul, cantando na bodega do Zulema.



ROBERTO VILAR NA ILLA DE ONS.

CONTOS DE TABERNA: Quere levar a Cesáreo ao seu programa <Land Rober>

Alá polo mes de agosto de 2023, coincidimos, Anxo máis eu, no chiringuito “O Areaso”, na Praia das Pipas, no Grove, con Roberto Vilar. Ao vernos, achegouse a nós para solicitarnos sacar unhas fotos xuntos e pedírnos que lle deramos unha das nosas revistas **AUNIOS**, pola que estaba moi interesado para coñecer cousas de Ons.

Non houbo, pola nosa parte, ningún atranco, e a nova saíu publicada en Onstopus nº 78, agosto 2023: <http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/71/onstopus-71.pdf>.

No mesmo ano, pero no mes de decembro, no programa Land Rober participaron membros de varias familias aunienses, concretamente as de Lareiro e Pescadilla, participando moi activamente no programa. Tamén o publicamos: <http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/78/onstopus-78.pdf>

Roberto quedou moi impresionado con todo o relacionado coa Illa de Ons, pero non puido ser ata este xuño de 2025, cando puido achegarse á Illa.

Tan pronto desembarcou, non tiña outra lideira que contactar cos aunienses máis representativos, conseguíuno, e aquí o vemos na (foto do centro) cos Pepes de Ons: Pepe de Pepucho e Pepe de Miro, que non tiveron inconveniente en cumprir coa súa teima de fotografarse con el.

Pero o personaxe que máis lle interesaba era o **Gran Cesáreo**. Estiveron na súa procura, ata que, por fin!!!, atopárono. Despois de saudarse mutuamente, Cesáreo, tampouco tivo inconveniente en retratarse con el (foto dereita).

Roberto, despois de tomar uns viños con todos, comunicoulle a Cesáreo a súa idea de levalo ao programa. Cesáreo, xa moi experimentado nestas lindes mediáticas, díxolle: - *Tes que falar cos meus asesores, Maqui e Tinón, e logo poñerte de acordo co meu representante, Taboada, para o asunto económico; eu por menos de 50.000 €, non saio da Illa.*

E así quedou a cousa, os asesores informaron ao representante e este, cando Roberto Vilar remate as súas vacacións, terán uns contactos para chegar a un acordo económico que leve ao Gran Cesáreo e, a poder ser, a máis aunienses, ao seu programa <Land Rober>.

Mantereivos informados!!!

NOVOS FALLOS DE LUZ EN ONS A FINAIS DE XUÑO

(30/06/2025)

Como xa comuniquei en anteriores Onstopus, o tema da LUZ en Ons é unha problemática que leva anos dando moitas dificultades e, dende a Xunta, non foron quen de buscarlle unha solución.

Durante esta primavera houbo problemas co servizo, tendo na Illa tres xeradores. Trouxeron outro novo, con case o dobre de potencia que o máis novo que tiñan e, cando non levaba nin unha semana funcionando, volveu a fallar.

Que pasa ultimamente cos xeradores e coa luz? Cal é o verdadeiro problema?.

Tan pronto pasa algo, a administración intenta buscar “culpables”, loxicamente, non fai autocrítica da súa mala xestión, senón que rapidamente: que se chegou moita xente a Ons, que o consumo aumentou, ..., trapalladas que non se cre nin a Gaivota Antón.

En Ons hai un grave problema coa Servizo Eléctrico, e os veciños lévano denunciándoo dende hai máis de 60 anos e con máis forza a partires de 1993. Os diferentes xestores buscaron solucións para saír do paso, pero nunca colleron ao touro polos cornos.

Cando escribo isto é día 30 de xuño, o 3 de xullo hai reunión da Mesa por Ons. Aproveitarase esa reunión entre administración, concello e veciños para sacar algo en limpo? Quedamos á espera.

O tema da Luz é moi delicado, podería escribir moito sobre el, pero non quero que se aproveiten as miñas palabras para buscar un “cabeza de turco” a quen culpar deste importante conflito, terán que ser, sobre todo, **OS VECIÑOS** e dende logo a Consellería de Medio Ambiente, a Directora Xeral de Patrimonio Natural, a dirección do Parque e o Concello de Bueu o que dean solución para un Servizo de Luz as 24 horas do día.

Foto: Novo xerador de Ons. Faro de Vigo. Parque Nacional Illas Atlánticas



UNHA LANCHA NAUFRAGA AO LADO DO PEIRAO DE ONS

(4/07/2025)

Hoxe venres á noite unha lancha que estaba atracada no peirao de Ons, por motivos que se descoñecen acabou afundíndose a carón de dito peirao. Parece que foi unha mala manobra, ao cambiar o barco da zona norte á sur, que fixo que entrara auga, en cantidade suficiente, que en minutos anegouna.

Os seus tripulantes puideron saír dela sen dificultade e amarrala ao peirao. Pola mañá se preparou a súa recuperación da que se encargou un barco bateirio e buzos de Servisub.

Organizouse por medio do Parque Nacional unha vixilancia para evitar a contaminación marítima.

FOTOS: Parque Nacional

O xoves día 3 de xullo, como vén sendo habitual todos os anos, veciños de Portonovo, Grove e Arra, que diariamente se xuntan no bar-restaurant Gaivotas de Montalvo-Arra, tiveron a comida de confraternidade na Illa de Ons.

Despois dunha boa papadela, a base de percebes, nécoras, empanada e robalo, non faltou unha boa sobremesa onde a música foi o factor desencadeante dunha gran Festa, onde non faltaron algúns aunienses que se incorporaron, como o popular Cesáreo e Pepe de Checho.



ACTIVIDADES DO PARQUE NACIONAL. ONS

PARABÉNS para o Parque Nacional que leva un par de anos ofertando unha boa cantidade de actividades, entre cursos, xornadas, rutas guiadas, astronomía,..., principalmente na primavera e no verán, aínda que, deberían ser máis, co fin de conseguir que as Illas do Parque, principalmente Cíes e Ons, ás que acusan de masificación, sexan un destino **ACTIVO** e así, ano a ano, non contabilizar como unha gran vitoria, o conseguir que as visiten unha enorme cantidade de xente, senón que cada ano se contabilicen máis visitantes activos, grazas á oferta de actividades que realice o Parque.


Estas actividades deberían ter unha programación previa e publicitalas moito nos medios para que os visitantes programen as súas vacacións estivais coa idea de ir a coñecer un Parque Nacional Activo, non como único destino de sol e praia e algo de sendeirismo, por iso a información previa ás posibles experiencias e prácticas ten que ser un feito imprescindible.

XORNADAS

Quero destacar as xornadas e rutas guiadas realizadas durante o mes de xuño, subliando a Ruta guiada Arqueolóxica, da que xa falei no anterior Onstopus, e as xornadas ornitolóxicas, cunha importante participación que roldou as 40 persoas, cantidade que sempre reivindicamos para as Rutas de inverno.



Xa por último destacar as que se levarán a cabo neste mes de xullo, como o Mar en 360° os días 16 e 17, as organizadas pola Federación de Astronomía, diúrnas e nocturnas, de observación astronómica e as rutas arqueolóxicas guiadas.



DEGUSTACIÓN GASTRONÓMICA: *Tapa e Pota en Ons*

O día 4 de xullo tivo lugar en Ons organizado pola Organización de Produtores de Pesca Fresca do Porto de Vigo e coa colaboración do Grupo Acuña, Parques e Consellería do Mar, unha proba de varias preparacións de Pota, concretamente en empanada, en tempura e con fideos.

Todas resultaron exquisitas e demostraron a calidade do produto e as posibilidades gastronómicas que pode ofrecer.


Parabéns para a organización, pois resultou un completo éxito.

A RUTA DO CASTELO DA RUEDA

Unha das Rutas que están indicadas na Illa de Ons e que foi integrada na Ruta Arqueolóxica dos Múrices, é a do Castelo.

Hai dous xeitos de comezala: ou pola Praia das Dornas, mesmo a carón do Peirao, ou polo camiño de Melide, antes da Fonte do Castelo. É interesante, pero curta e pouco sinalizada, con respecto ao que poder observar nela.

Eu propoñería comezar pola Praia das Dornas (aínda que Parques non é partidario en poñer paneis explicativos, sería interesante un, onde se vira a praia chea de dornas e explicar un pouco a súa historia). Logo seguindo o sendeiro, quizais en lugares estratéxicos outros con explicacións sobre a vexetación que imos atopando. E xa no Castelo, o que hai, está ben, aínda que sería necesario melloralo e actualizalo.



Como explicaba, nesta Ruta despois de visualizar a Praia das Dornas e ler, se houbera un panel, a explicación sobre o seu nome e ver algunha foto de época, seguimos o camiño que, bordeando o mar, atópase transitable. En varios puntos do seu percorrido, podería haber outro panel explicativo sobre a súa vexetación e flora, destacando os abruños.

Ao chegar ao Castelo, poderemos observalo, coñecer a súa historia e gozar das vistas sobre a zona leste da Illa e a costa próxima de Noalla-Sanxenxo. Despois seguiremos o camiño ata chegar a un punto onde, pola falla a limpeza e un panel explicativo, observaríamos a posición dun muíño de auga do que quedan algúns restos. Sen estes paneis e limpeza, esta Ruta queda orfa de contido histórico.

Fotos: Arriba dereita: As ruínas do muíño de auga. Debaixo á esquerda: O lugar onde se atopa o muíño, cheo de maleza. No centro: A senda dende a camiño de Melide cara ao propio Castelo, con moita maleza aos lados. Esquerda: Un anaco do camiño, ben limpo.



ZONAS DE DESCANSO PARA VISITANTES NA ILLA DE ONS **Quedarán sen arboreda?**

Na foto da esquerda vemos a zona de descanso da **Praia das Dornas**, magnífica, con mesas de madeira, que pronto haberá que ir reparando, pero cunha importante sombra que dan as acacias. Ata cando? A acacia non é autóctona e as están eliminando.

Á dereita zona de descanso do, no seu momento chamado, **Pinal de Chan da Pólvora** (onde estaba radicada a Zona de Acampada), mesas de pedra, perfectas, pero eliminaron os eucaliptos, co que, quen para aí a comer e descansar un día de sol? Así temos as cousas no Parque Nacional, pero a Dirección Xeral de Patrimonio Natural non se decata.



Cal é logo o problema? Pois penso que moi doado de decatarse, se hai que retirar árbores non autóctonos, reforestar cos que debería haber. Pero iso non se lle ocorreu á D.X. de Patrimonio Natural, ou non quere facelo.

Será incompetencia?

Miren que fermosura de castiñeiros plantados na zona de Caño (Ons) non hai moitos anos que, a carón de dar froitos, a súa sombra sería ideal para esas zonas de descanso.

Non hai vontade!!!



CAMIÑO DE LOUSAS QUE DENDE O FARO VAI ATA CHAN DA PÓLVORA/CURRO ALTO

Ao pouco de facelo, xa se miraba que ía ser unha auténtica chapuza. Foi criticado no seu momento, pero non se lle pediron responsabilidades á empresa. En nada, o deterioro comezou, e iso que ese camiño é pouco transitado por vehículos, pero cada vez ía a máis. Nos Informes que Pineiróns enviaba ao Parque comunicáronllo e, ata chegaron a dicir que ían a reparalo ou, polo menos, remendalo, pero pasaron os anos e todo segue igual, ou peor. Agora están a gastar unha chea de cartos no barrio de Curro tapando con *adoquíns* o camiño que estaba en perfecto estado, e este déixano nese deplorable estado, agás, un pequeno espazo, ao lado da porta de entrada ao Faro, que si puxeron *adoquíns*. Quen é o responsable de semellantes chapuzas?



RADAR DE ONS

Alégranos saber que o motivo polo que se puxo en funcionamento este Radar, a carón do Faro, en Ons, xa debe estar solucionado, pois leva un tempo sen el e a caseta que o acompañaba atópase nun estado lamentable. De novo miramos como se gastan os cartos dende a administración sen resultados positivos para a cidadanía.



De esquerda a dereita: Avoa Isa, Avó Pepe, Bisavoa Aurita, tíos avós Carmen e Pepe e, Daniela.

PRIMEIRA COMUÑÓN DE DANIELA EN ONS

PARABÉNS para a familia de Pepe de Miro pois celebraron a Primeira Comuñón da súa neta Daniela este pasado sábado día 12 de xullo e, como non podía ser doutra maneira, na igrexa de San Xaquín na Illa de Ons. Á vez tamén houbo dous bautizos ese mesmo día de familiares seus. De novo comprobamos como os aunienses volven sobre as súas raíces e celebran, na illa que os veu nacer, todo tipo de celebracións que demostra o seu SENTIMENTO cara ela. Esperemos que estas tradicións non se perdan.



Arriba: Os nenos amigos de Daniela
Dereita: Daniela cos seus avós: Isa e Pepe
Esquerda: Choto que animou coa gaita
Abaixo: Un momento do aperitivo



MISCELÁNEA DE IMAXES DESTES PRIMEIROS DÍAS DE XULLO



Chámanlle novo pavimento de *adoquins* no barrio de Curro, cun espazo en pedra para os carriños e por se algunha política vai a Ons con tacóns.



Os bos amigos aunienses reúnen-se a principios de verán para, a carón de saudarse, dar conta dunha boa caldeirada marisqueira onde non faltaron as nécoras, percebes, navallas, ameixas,..., e o típico boga-avante.



A boa música nunha debe faltar en Ons para os momentos de relax, sempre respectando e sen molestar. Causou moita sensación positiva o artista das cunchas.



Os grandes artistas: Davila e Carlos Blanco, non quixeron perder a oportunidade de fotografarse co gran Tinón.



Así presentouse o negriño, con garabata, na Primeira Comuñón de Daniela.

As artesáns de Ons tamén fotografáronse con Daniela.



A fermosa casa auniense de Carmucha, no Cucorno, a pandeireteira e cantareira de Ons.

**A AUTORIDADE PORTUARIA
DE VILAGARCIA XA SE
PRONUNCIOU CON RESPECTO
AO FARO DE SÁLVORA**

O faro de Sálvora reconverterase en Centro de Interpretación Turística ao servizo da Investigación Científica.

IMPORTANTE nova

**A AUTORIDADE PORTUARIA DE
VIGO PRONÚNCIASE CON
RESPECTO AO FARO DE CÍES**

O porto de Vigo investirá 320.000€ en mellorar o Faro de Cíes e aspira a convertelo no primeiro museo do seu tipo en España.

INTERESANTE nova

FARO de ONS

**A Autoridade Portuaria
de Marín e Ría de
Pontevedra,
Que ten pensado co Faro
de Ons?**